

## CURSO AFD “Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos”

A **Fundación Cultural Estrada** vai a poñer en marcha a acción formativa para desempregados “Montaxe e reparación de sistemas microinformáticos” ao abeiro da subvención concedida a esta entidade e **coa financiación da Consellería de Economía, Emprego e Industria**.

É un curso de cinco meses de duración, ao final do cal se obtén o certificado de profesionalidade correspondente, homologado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria.

O obxectivo principal é montar, reparar e ampliar, equipos e compoñentes que forman un sistema microinformático, verificar a ausencia de interferencias entre eles e asegurar o seu funcionamento, reaccionando ante avarías hardware e software detectadas e aplicando procedementos correctivos.

Esta cualificación profesional de **nivel 2** enmárcase dentro da familia Informática e Comunicacions e está relacionada con competencias dos postos de traballo de Técnico en sistemas microinformáticos, Instalación de equipos microinformáticos e Reparación de equipos microinformáticos, entre outros.

Asemade da formación teórica tamén consta dun módulo de prácticas profesionais non laborais de 40 horas de duración que se realizarán en empresas e se axustarán ao estipulado no Real Decreto 1201/2007, de 14 de setembro.

As persoas interesadas poden solicitar máis información na oficina da Fundación Cultural A Estrada sita en Avda. Benito Vigo nº 94, baixo - A Estrada ou no teléfono 986 570 997.

CURSO ACCIONS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS: COD.: IFCT0309“MONTAXE E REPARACIÓN DE SISTEMAS MICROINFORMÁTICOS”		
<b>LUGAR DE IMPARTICIÓN:</b> FUNDACIÓN CULTURAL A ESTRADA	<b>DATA INICIO CURSO:</b> 22/04/2019	<b>DATA REMATE CURSO:</b> 25/09/2019
<b>HORARIO:</b> 9:00 - 14:00		<b>HORAS TOTAIS:</b> 528 h (40 h PRÁCTICAS)
<b>FAMILIA PROFESIONAL:</b> INFORMÁTICA E COMUNICACIÓNS	<b>NIVEL CUALIFICACION:</b> 2	<b>Nº PARTICIPANTES:</b> 15